
Eirín García, Leticia, *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor*. A Coruña: Edicións Laiovento (Col. Ensaio). 2015, 286 páxinas.

Data de recepción: 15/09/2017 | Data de aceptación: 29/09/2017

A investigadora e profesora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, Leticia Eirín García, vén de publicar un outro excelente estudo relativo ao universo trobadoresco galego-portugués¹, neste caso restrinxido ao corpus dionisino e, dentro del, a un conxunto de trinta e tres cantigas de amor nas cales aparece recollido explicitamente o motivo da visión amorosa da dama e as consecuencias deste sentimento por parte do trobador. A publicación desta monografía pon de relevo, como a propia autora recoñece no Limiar, a singularidade e mestría da prolífica produción lírica do rei Don Dinis, e, no meu parecer, cumpre sobradamente cos dous obxectivos formulados: por un lado, ofrécese unha análise retórico-literaria exhaustiva do cancionero amoroso dionisino establecendo unha casuística dos aspectos relativos á visión da dama (motivacións ou desencadeantes, etapas do proceso, efectos no namorado etc); e doutra parte, fíxase a textualidade do corpus analizado consonte os parámetros ecdóticos máis autorizados e actualizados que ofrece a día de hoxe a crítica textual neo-lachmaniana.

O esmero con que se executa a análise individual de cada unha das pezas dionisinas tamén é manifesto na abordaxe conxunta que se ofrece na Introducción do traballo. Canto a isto último, o estudo contrastivo do corpus de referencia vén precedido dunha necesaria sección (§ 1 pp. 15-29) onde se sintetiza o perfil biográfico e o entorno sociocultural do monarca trobador, para alén de se xustificar a variante ortográfica escollida para o antropónimo rexio (Don Denis). Tan só botamos en falta neste sucinto percorrido histórico-cultural unha referencia, aínda que fose moi puntual, a outros proxectos literarios vinculados directa ou indirectamente á corte dionisina: refírome, por exemplo, ás primeiras adaptacións (traducións, copias, refundicións) do *Tristan en prose* que o monarca promovería a comezos do Trescentos (Ailenii 2012, 2013), seguindo o ronsel arturiano presumibelmente inaugurado polo seu pai, Afonso III, nos últimos anos do seu reinado (cf. p. 23 da Introducción), e do que o propio D. Dinis se faría eco cando menos nunha das súas cantigas de amor

1 Neste campo de traballo, Leticia Eirín é autora nos últimos anos de diversos artigos de investigación en revistas e obras colectivas centrados tanto na obra poética de Don Dinis como na doutros trobadores, como a de Pedro Mafaldo (2014, neste caso en coautoría con M. Ferreiro).

(“Senhor fremosa e de mui loução”)²; tamén no tempo de D. Dinis, e desde algunhas cortes señoriais moi próximas ao entorno rexio, se promoverían outros proxectos de natureza historiográfica como a finalización da tradución integral do *Livro de Rasis* (ca. 1287-1315) por parte dos Aboim-Portel (Rei 2010, Sottomayor-Pizarro 2012 [2008]: 320), ou, de acordo con Miranda 2012, a tradución-adaptación da *Crónica de Castela* (ca. 1300-1312) por parte dos Riba de Vizela, nomeadamente, o segundo conde de Barcelos. Estas e outras iniciativas (como o *Livro de alveitaria* do Mestre Giraldo), malia non pertencer ao universo lírico trobadoresco, contribúen a proxectar unha visión máis cabal do entorno sociocultural do rei trobador e do seu tempo, non reducido exclusivamente á súa corte poética.

Polo que respecta ao bloque central do traballo (Textos e estudo, pp. 67-261), tras a proposta editorial da autora, fornécese a información relativa aos manuscritos (o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* e tamén o *Pergamiño Sharrer*) e repertorios (Tavani 1967, D’Heur 1975) onde se recolle cada composición, así como a referencia ás edicións precedentes e a enumeración das variantes (paleo)gráficas e editoriais; neste último caso, un útil apartado de Notas ao final do estudo de cada cantiga permite coñecer con máis detalle a motivación das decisións ecdóticas que guiaron a edición aquí defendida e o confronto xustificado coas propostas editoriais anteriores. Esta primeira sección descritiva fécchase, ademais, coa correspondente análise métrica (tipoloxía, estrutura, artificios, rítmica e esquema estrófico), á que tamén envía o Rimario das pp. 265-268. Nun segundo bloque de carácter interpretativo ofrécese un afinado e completo comentario retórico-literario de cada cantiga centrado na caracterización da visión da *senhor* e das súas consecuencias no estado anímico do trobador. Toda esta información aparece sintetizada e xerarquizada no núcleo principal da Introducción (§ 3, pp. 30-61), que é onde se ofrece unha análise conxunta do corpus editado, centrado no estudo formal e semántico das diferentes alusións á *visio* da dama (como a dicotomía *veer* vs. *non veer* ou o motivo dos *olhos*) e ao infausto proceso amoroso subseguinte, tras o contacto óptico coa muller –conceptualizada como un ente *ideal* na nosa lírica– e a súa *laudatio*, manifestado principalmente na coita do suxeito lírico que, por súa vez, vai transitando por diversos graos sintomatolóxicos (perda do sono, da fala, o pranto, a loucura etc.) até chegar á *morte de amor*. Trátase, tamén, dun estudo contrastivo, pois en certos casos a autora salienta os elementos comúns ou diverxentes con outras pezas da produción dionisina –como certas cantigas de amigo– ou con outras composicións amorosas do corpus profano trobadoresco galego-portugués ou doutras escolas contemporáneas.

2 Véxase sobre isto, entre outros, os traballos de Sharrer 1988, Alvar 1993 ou Gutiérrez García / Lorenzo Gradín 2001.

Canto á propia edición do corpus dionisino, cómpre recoñecer a sobrada experiencia editorial da investigadora e da súa equipa de traballo no seo do ILLA (Grupo de Investigación en Lingüística e Literatura Galega) da Universidade da Coruña, de onde surxiron, como é ben sabido, algúns dos materiais e recursos máis importantes para o estudo lingüístico-literario da lírica trobadoresca galego-portuguesa. Para alén das múltiples publicacións ao respecto, lembremos, entre outros, o GLOSSA (*Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*), dirixido por M. Ferreiro (2014-) e accesíbel no portal <http://glossa.gal>, ou as *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* editadas por M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro e L. Tato Fontaiña (2007-2008). Precisamente, Leticia Eirín parte desta recoñecida proposta editorial, xa plenamente estendida, como guía para a súa edición do cancionero amoroso do rei D. Dinis (Introdución § 3, pp. 62-66).

É xusto, en definitiva, agradecer a Leticia Eirín o grande esforzo dedicado tanto na súa tese de doutoramento (2012) como no seu principal produto refinado, editado agora por Laido, tanto polo rigor ecdótico como polo atinado estudo retórico-literario conxunto e individual de cada unha das cantigas escolmadas. Con certeza, non hai dúbida da utilidade e repercusión deste traballo, do punto de vista editorial e literario, tendo en conta, como a propia investigadora recoñece, a inexistencia dunha edición individual da produción lírica dionisina desde finais do século XIX, cando Henry Roseman Lang publicara a que se considera a primeira edición realmente crítica no ámbito dos estudos da lírica trobadoresca galego-portuguesa (Lang 1894, 2010).

Bibliografía citada

- Ailenii, S. (2012): *Os Primeiros Testemunhos da Tradução Galego-Portuguesa do Romance Arturiano*. Tese de doutoramento inédita. Porto: Universidade do Porto, Faculdade de Letras.
- Ailenii, S. (2013): “A tradución galego-portuguesa do romance arturiano nos séculos XIII e XIV”, *e-Spania. Revue interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes* 16, <http://espania.revues.org/22611>.
- Alvar, C. (1993): “Poesía gallego-portuguesa y Materia de Breaña: algunas hipótesis”, en *Actas do Congreso “O Cantar dos trobadores”*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 31-51.
- D’Heure, J. M. (1975): “Nomenclature des troubadours galiciens-portugais, table de concordance de leurs chansonniers et liste des incipit de leurs compositions”, en *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XIIIe-XIVe siècles)*. Contribution à l’étude du «corpus des troubadours». Liège: Publications de la Faculté de Philosophie et Lettres de l’Université de Liège, pp. 10-93.

- Eirín García, L. (2012): *A tópica da visión e o amor trobadoresco no cancionero de Don Denis: (estudo retórico-literario e edición crítica de 33 cantigas de amor)*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
- Eirín García, L. / Ferreiro, M. (eds.) (2014): *O Cancioneiro de Pero Mafaldo. Edición crítica*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontaiña, L. (eds.) (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións [Reeditado en *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, A coruña, Baía edicións, 2008].
- GLOSSA = Ferreiro, Manuel (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña, <http://glossa.gal>.
- Gutiérrez García, S. / Lorenzo Gradín, P. (2001): *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Lang, H. R. (1894): *Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hildesheim: Georg Olms [Traducido e compilado en *Cancioneiro d'el Rei Dom Denis e estudos dispersos*, orgs. L. M. Mongelli e Y. F. Vieira, Niterói, EdUFF, 2010].
- Miranda, J. C. R. (2012): “A primitiva conclusión da versión galego-portuguesa da *Crónica de Castela* (A2d)”, *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 123-140.
- Rei, A. (2010): “A tradución do *Livro de Rasis* e a memoria da Casa Senhorial dos Aboim-Portel”, *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 33, pp. 155-172.
- Sharrer, H. L. (1988): “La materia de breña en la poesía gallego-portuguesa”, en V. Beltrán (org.), *Actas del I congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias, pp. 561-569.
- Sottomayor-Pizarro, J. A. de (2012² [2008]): *D. Dinis*. Lisboa: Temas e Debates.
- Tavani, G. (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.

Ricardo Pichel Gotérrez